# 2 Repaso de acentuación

PLAN DE MELLORA. Ficha 3

Nome ______________________ Data ______________________

**1** **Le o texto, localiza dúas palabras de cada tipo e cópiaas.**




**O exame**

Son as nove da mañá. Despois, cando sexan as once, teño exame de inglés. Non é que sexa moi difícil, pero estudei pouco. Que se as clases de música, que se o adestramento de tenis... En fin, que sempre o deixo para a última hora e despois non teño tempo de nada. A ver se hai sorte e é fácil... Oxalá!

| Agudas | | Graves | | Esdrúxulas |
|---|---|---|---|---|
| Con acento | Sen acento | Con acento | Sen acento | |
| | | | | |
| | | | | |

**2** **Ponlles acento gráfico ás palabras que o precisen.**

- camion
- compas
- arder
- alcohol
- caiman
- cafe
- chandal
- cervo
- datil
- escaner
- luvas
- pantalla
- loxico
- fabrica
- fisica
- aereo
- unica
- fantastica

**3** **Completa cada oración coa palabra que corresponda.**

sairá / saíra
- Cando cheguei, o tren xa ________.
- Ese disco ________ o luns?

país / pais
- Chamaron teus ________ por teléfono.
- Lola marchou do ________.

leria / lería
- Estivo de ________ con Ana ata as oito.
- Dixo que ________ o xornal logo.

**REPASA ESTA INFORMACIÓN.** Despois, corrixe as actividades anteriores.

- As **palabras agudas** levan acento gráfico cando son polisílabas e acaban en vogal, en vogal + **s**, en vogal + **n** ou en vogal + **ns**. Non levan acento gráfico se acaban en ditongo decrecente.
- As **palabras graves** levan acento gráfico cando acaban en consoante distinta de **n** ou **s**, en grupos consonánticos distintos de **ns**, e tamén en ditongo decrecente seguido ou non de **n** ou **s**.
- As **palabras esdrúxulas** acentúanse graficamente sempre.

Os **hiatos** con vogal tónica pechada e átona aberta, levan o acento gráfico sobre a vogal pechada.

Material fotocopiable © 2015 Edicións Obradoiro, S. L. / Santillana Educación, S. L.